

# Código Cero

Revista de Novas Tecnolóxicas de Galicia - <http://www.codigocero.com>

NÚMERO 23 XULLO / AGOSTO 2004



XACOBEO 2004  
Galicia

## Emitindo ondas de software libre

Un percorrido polo mundo dos  
"linuxeiros" galegos



### Terrorismo e Internet

¿De que lle serve a Rede a Al Qaeda?

### É hora de coñecer outros sitios

Consellos prácticos para non ter na Web unha "mala viaxe"

### Pornografía "on-line"

Un negocio a proba de crises

## ¿POR QUÉ FINCAS CORRAL HA MIGRADO SUS SISTEMAS A WINDOWS?



*"Teníamos muy claro lo que necesitábamos para nuestro nuevo Sistema de Gestión Comercial: una tecnología fácil de manejar, sencilla de instalar, robusta y fiable. La tecnología que reunía todos estos requisitos era Windows Server System."*

*- Bartolomé Muñoz,  
Director de Informática de Fincas Corral*

Fincas Corral verificó que para el desarrollo e implantación de su nuevo sistema informático la tecnología de Microsoft representaba claras ventajas sobre su anterior sistema basado en Linux. Internamente pudieron comprobar que los informes de consultoras líderes mostraban ahorros equivalentes en su propia empresa, valoraron el mayor soporte dado a las incidencias técnicas y la mayor libertad de elección tanto de integradores y profesionales como de soluciones, concluyendo que era la opción más rentable para el desarrollo de su nuevo Sistema de Gestión Comercial. Para acceder a toda la información del caso de Fincas Corral u otros informes realizados por terceros, visite [www.microsoft.com/spain/hechos](http://www.microsoft.com/spain/hechos)



**neste número...**

O laboratorio Bell desenvolveu en 1970 o sistema operativo UNIX e cedeu o seu "esquema" ás universidades e o Goberno dos Estados Unidos. De aí Linus Torvalds desenvolvería vinte e un anos despois o xermolo doutro sistema semellante o Linux. O seu autor publicaríao e a

comunidade que el mesmo impulsou, desenvolve e distribúe gratis as melloras que se lle van incorporando. Este sistema que é case gratuito está tomando un pulo destacable e algunhas administracións, a galega entre elas, Estremadura e proximamente a francesa, migran a Linux e tratan con iso

de reducir os seus custes en gastos informáticos. Pero ¿é todo ouro o que reluce?. A esta e outras preguntas trataremos de dar resposta neste número estival de Código Cero. Analizaremos en profundidade o sistema operativo que tanta paixón levanta entre os seus usuarios.

Como é habitual completaremos o número coas seccións habituais, barlovento, opinión, xogos, PC práctico... e a pesar da época en que estamos acudiremos á cita diaria cos nosos subscritores e manteremos o boletín do portal xa que a actualidade tecnolóxica non cesa.

**CÓDIGO CERO**  
revista de novas tecnolóxicas de Galicia

**Director**

Xosé María Fernández Pazos  
(director@codigocero.com)

**Subdirectores**

Marcus Fernández  
(webmaster@codigocero.com)  
Carlos Ballesteros  
(cballesteros@codigocero.com)

**Redactores-Xefes**

Carlos Lozano  
(cuetorubio@yahoo.es)  
Fernando Sarasquete  
(sarasketa@mixmail.com)

**Redacción**

Xabier Alcalá  
(Telecomunicacións)  
Antonio Fernández (Linux)  
Damián Fernández (Linux)  
Manolo Gago (Opinión)  
Emiliano Gómez (Informática)  
Mariano Grueiro (Mac)  
David Lombardía (Nova Economía)  
Sevi Martínez (Xogos)  
Moncho Paz (Opinión)  
Modesto Pena (Redes)  
Ramón Puente (Opinión)  
Víctor Salgado (Dereito)

**Colaboraron neste número:**

María Soriano, Javier Vidal, Marcus Fernández, David Lombardía, Xana García, Paula Carballo, Pablo Grandío, Fernando Bouzas e Carlos Lozano, Manuel Balseiro, Rosa García, Damián Fernández, Patricia Calveiro, María Besteiro, María Sierra, Manuel Gago, José Carlos García e David F. Villar.

**Supervisión lingüística:**

Paulino Novo e María Xesús Vázquez.

**Fotografía:**

Adolfo Enríquez Calo, Joferpa.

**Edita:**

Grupo Código Cero Comunicación UNINOVA.  
Polig. Ind. do Tambre Vía La Cierva, s/n (recinto Mercagalicia)  
Código Postal: 15890 - SANTIAGO  
Tel. 981 51 96 00/93 63 24  
Fax. 981 55 77 07  
Móbil: 690 60 71 02  
http://codigocero.com  
redaccion@codigocero.com

**Deseño Gráfico:**

eNISA. Servicios Infográficos  
Rúa do Río, 30 - SANTIAGO  
Teléfono: 981 554 444  
correo@mundografico.net

**Imprime:**

Celta de Artes Gráficas, S.L.  
Rúa Colón, 30 - VIGO  
Teléfono: 986 81 46 00  
Fax: 986 81 46 38

**Número 23 (PREZO: 1€)**

**Xullo / Agosto 2004**

Publicación periódica  
Tirada: 15.000 exemplares  
Depósito Legal: C-2301/01  
I.S.S.N. (edición impresa): 1579-7546  
I.S.S.N. (edición dixital): 1579-7554

**humor por K.Benlloch e S.Covelo**



**firma invitada**

Rosa García, conselleira delegada de Microsoft: análise da Sociedade da Información en Galicia **3**

**novas**

Resumo da actualidade de e-comercio e de empresas relacionadas coas novas tecnoloxías **4**

**reportaxes**

Medran considerablemente as compras de paquetes vacacionais por Internet **9**

Terrorismo e Internet, a "guerra santa" métese na Rede **10**

A industria do porno, negocio seguro a proba de burbullas tecnolóxicas **12**

Mocidade e tecnoloxía: como afecta a TV e Internet no crecemento dos rapaces **14**

Especial software libre, unhas cantas claves do movemento "sen licenzas" **15**

Foro Ineo, caracterización do sector produtivo das TIC en Galicia **21**

GaliciaTic 2004, avance a cargo de Manuel Balseiro, director xeral de FEUGA **23**

A intimidade informática dende o punto de vista penal **24**

O Cesga informa: Perú empregará tecnoloxía galega para o sector lácteo **25**

**nova economía**

VOIP: o novo negocio da comunicación **26**

**opinión**

Software libre, unha ollada ós sistemas operativos non comerciais **19**

Navegacións cotiás: audiencias agostadas **19**

**barlovento**

Un mundo de palabras **27**

**deseño web**

As pezas do crebacabezas **28**

**pc práctico**

Xestor de descargas e FTP LeechGet 2004 **29**

**xogos**

Sacred: A lenda da Arma Sagrada **30**



## La sociedad de la información en Galicia: un esfuerzo global y a la vez local

Todos los que trabajamos y vivimos día a día el sector de las Tecnologías de la Información somos conscientes del momento decisivo, y a la vez excitante, que tenemos ante nosotros. El desarrollo de la sociedad de la información en España puede ser por fin una realidad o, por el contrario, una nueva oportunidad perdida. Estamos pues ante una opción histórica de entrar a formar parte de la modernidad y todos los que estamos implicados en este objetivo tenemos nuestra propia responsabilidad para cumplir con acierto esta misión.

El sector de las tecnologías vive un momento excepcional desde el punto de vista de la innovación, y las empresas que desarrollamos y ofrecemos esos productos y servicios de última generación afrontamos el reto de saber hacer entender sus beneficios a los usuarios, a las empresas y a las administraciones públicas.

En este sentido, uno de los pasos que consideramos esenciales es colaborar para el desarrollo de una fuerte industria local. Microsoft sabe muy bien que, si fomentamos un fuerte desarrollo de las áreas geográficas donde actuamos con nuestros clientes y nuestros socios, al final todos saldremos ganando. Por ello estamos haciendo un importante esfuerzo para colaborar y acercar nuestra tecnología a las administraciones autonómicas y locales.

Y por ello no quiero dejar de hacer mención a nuestro trabajo en Galicia, donde colaboramos intensamente tanto con la Xunta como con las instituciones locales, los estamentos educativos y, en definitiva, con todas las empresas y entidades con las que creemos que podemos aportar elementos de modernización a la sociedad gallega.

Recientemente hemos anunciado la disponibilidad de Windows XP en gallego, así como la traducción del interfaz de usuario de Office a esta lengua, lo que permitirá el acceso de muchos gallego-hablantes a las Tecnologías de la Información, al tiempo que servirá de impulso al desarrollo de la industria del software en Galicia. Este acuerdo, fruto de 12 meses de trabajo con la Xunta, pone de relieve también el papel que creemos que juega el software como elemento de normalización lingüística a tener en cuenta en el desarrollo de la sociedad de la información.

Asimismo, trabajamos muy estrechamente con las empresas de telecomunicaciones que operan en Galicia. En concreto, con R y Comunitel tenemos en marcha diversos proyectos, encaminados sobre todo a llevar soluciones a las PYMEs y a las grandes compañías, a fin de ayudarlas a ser más competitivas.

Y trabajamos, en definitiva, en numerosos proyectos en el ámbito educativo gallego, que abarcan desde la escuela primaria y secundaria hasta la enseñanza universitaria, ya que entendemos que en este terreno la innovación tiene mucho que decir de cara a la construcción de una sociedad moderna y altamente preparada.


Entendemos, por lo tanto, que el desarrollo de la sociedad de la información no se consigue sólo a partir de una estrategia global, sino que es muy importante hacer el esfuerzo de conseguir un acercamiento local, lo más próximo posible a la realidad diaria de los ciudadanos de cada localidad, de cada región o de cada comunidad, potenciando que todos gocen de las mismas oportunidades de acceso a los nuevos avances tecnológicos que genera nuestro ritmo innovador.

**Windows XP en gallego, así como la traducción del interfaz de usuario de Office a esta lengua, lo que permitirá el acceso de muchos gallego-hablantes a las Tecnologías de la Información, al tiempo que servirá de impulso al desarrollo de la industria del software en Galicia.**



## A Universidade de Santiago tamén aposta pola fibra óptica galega

Logo de que a Universidade da Coruña encargase a R as súas comunicacións de voz, agora é a de Santiago (USC) a que aposta polos servizos da operadora galega de fibra óptica, contratando tódalas súas solucións de telefonía fixa. R, que se presentou a concurso xunto con outras cinco empresas do sector, formalizou un contrato de dous anos (prorrogable outros dous) que abrangue as comunicacións de voz nos campus de Compostela e máis no de Lugo, o que se traduce en infraestrutura para 60 centros: institutos de investigacións, facultades, residencias, bibliotecas e instalacións deportivas. Segundo manifestou nunha nota de prensa a operadora galega á web de Código Cero, os factores que favoreceron a decisión da Universidade de Santiago foron a oferta económica e a proposta técnica de R, ademais dunha aposta clara pola fibra óptica, que segue a estenderse polos enclaves máis representativos de Galicia.



## A USC fai reconto do conseguido en tecnoloxía sen fíos: antes do 2004, cobertura total

A Universidade de Santiago de Compostela fixo reconto na súa web dos obxectivos acadados en materia de implantación de novas tecnoloxías da información. Actualmente, ofrécese cobertura sen fíos en 35 dos seus centros, estando prevista antes de concluír 2004 a ampliación de cobertura á totalidade dos campus de Lugo e Santiago. En cifras, isto superará un investimento de máis de 200.000 euros e a habilitación de 276 novos puntos de acceso. A aposta pola tecnoloxía *Wi-Fi* está a ser importante nas tres universidades galegas, e a todo o que se está a facer hai que engadir o proxecto a nivel nacional para "avanzar no que se coñece como *roaming* entre universidades, sistema que permite que os membros dunha comunidade educativa como a de Santiago, A Coruña ou Vigo podan utilizar tamén estas redes cando se desprazan a outra". Polo que respecta ó Programa Uni-Porta (o que en compañía da Consellería de Innovación facilitou a compra de portátiles por parte dos estudantes), dicir que na USC preto de 300 alumnos recibiron xa a súa computadora.



## O Centro Comercial de A Barca estrea páxina web

O Centro Comercial de A Barca, sito en Pontevedra, dispón agora dun novo espazo virtual na Internet, para mellorar así o servizo e a comodidade dos seus clientes. A nova web, desenvolvida por Visual Publinet, está pensada para satisfacer tanto ó consumidor habitual como a todo o que se interese en coñecer as instalacións do complexo comercial achegando, a través de distintos menús, información sobre a ubicación do centro, o seu horario e os servizos que oferta. Tamén incorpora novas de actualidade e promociona as campañas e os eventos do Centro Comercial, do que se pode realizar unha visita virtual.

## Unha serie da TVG chega ó DVD

A serie documental de televisión de Galicia *As viaxeiras da lúa* é a primeira produción da TVG que se comercializa en formato DVD con trece capítulos desta serie dirixida por Valentín Carrera e protagonizada pola actriz Uxía Blanco, na que cinco mulleres percorren Galicia en medios de transporte tan diversos e dispares coma o barco e a bicicleta, en globo aerostático, a cabalo e en autobús. As viaxeiras atópanse con festas que conmemoran batallas históricas como a de Cacabelos ou o asalto viquingo das torres de Catoira.



## O colectivo Agestic incide na importancia das novas tecnoloxías como elemento renovador da Galicia rural

As novas tecnoloxías non son a solución a tódolos problemas económicos que poida ter un país, pero axudan a resolvelos. Esa é a premisa sobre a que se asenta a labor da asociación Agestic, colectivo de empresas galegas do sector que, ademais de defendelos intereses propios, tamén busca facer todo o posible por integrar plenamente a Galicia na Sociedade do Coñecemento. O acordo asinado coa Consellería de Innovación para conseguir que máis de 120 concellos da Galicia rural podan ter un acceso en condicións a Internet (o que contribuíría ó fomento de emprego e activaría en gran medida a súa economía), parte deste modelo de pensamento. Ademais, Agestic incide en que o medio non urbano veríase entón doutra maneira, non como un lugar do que cómpre fuxir senón un espazo que forme parte do mundo moderno. Neste convenio contéplase a instalación de telecentros nos concellos, banda ancha e alta velocidade e actividades formativas orientadas tanto a particulares como ó sector empresarial do medio rural.

### VI PREMIO DE CREACIÓN FOTOGRÁFICA

## LUIS KSADO

PREMIO DOTADO CON 6.050 EUROS  
 EL PLAZO DE ADMISIÓN DE ORIGINALES TERMINA EL DÍA 30 DE SEPTIEMBRE DE 2004

INFORMACIÓN: TELF.: 981 18 33 19





## Internet no Rural subministrará acceso de balde á Rede nuns setenta concellos ourensáns

Coa fin de paliar o importante contraste que existe entre o nivel (e a capacidade) de acceso ó ciberespazo entre as zonas urbanas galegas e as que non pertencen ás grandes cidades, o programa Internet no Rural segue a dar novos pasos. O último do que se tivo constancia foi o levado a cabo en 69 concellos de Ourense, nos que se habilitarán ó longo deste ano unha serie de unidades de acceso público e de balde á Rede. Esta iniciativa viría a contrarrestar o baleiro de accesos en condicións que existen en moitas zonas rurais do noso país, sendo 130.000 as persoas beneficiadas neste caso concreto. A medida, ademais da instalación das infraestruturas, inclúe o mantemento dos equipos e o asesoramento ós usuarios dende un centro de atención. O programa Internet no Rural está a ser xestionado en toda España por Red.es.



## Mensaxe do Centro Alerta Antivirus: os virus non teñen vacacións

Os virus informáticos traballan os doce meses do ano. É máis: cando todo o mundo está de vacacións, eles incrementan a súa actividade (igual cós ladróns). Iso é o que se desprende das advertencias e as recomendacións que fai estes días o Centro Alerta Temprana Antivirus de Red.es, dende o que se asegura que estas infeccións, lonxe de diminuír, aumentan nun 20% estes meses. O centro dá unha serie de pautas a seguir (un total de cinco), coa fin de que os internautas protexan axeitadamente os seus equipos: 1º Actualizalas aplicacións con parches de seguridade; 2º Instalar un antivirus; 3º Instalar cortalumes, analizadores de portos e ferramentas de detección de *spyware*; 4º Habilitar ferramentas anti-correo lixo e 5º Desconfiar dos correos electrónicos non solicitados e non descargar software pirata. Ademais, tamén se recomenda facer copias de seguridade con asiduidade e non contestar ás mensaxes *spam*.

## Medra a piratería destinada á venda ambulante en 2003, segundo un informe do Goberno

A piratería segue a medrar, pero con matices. Esta é a primeira conclusión que se pode obter do informe sobre intervencións policiais ó longo de 2003 presentado esta semana polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio. A investigación arroxa o seguinte dato de interese: houbo menos intervencións contra estes delitos ca no 2002 (1.610), pero máis produtos incautados (artigos por un valor superior ós 209 millóns de euros). En total, foron 2.134 as persoas detidas por este tipo de operacións ilegais, sendo (como era de agardar) os delitos contra a propiedade intelectual os máis abundantes: un 85%, fronte ó 15 restante que atinxe á propiedade industrial. Dentro do primeiro grupo, a industria discográfica, unha vez máis, foi a que levou a meirande parte dos golpes (os CDs representaban o 80% da mercancía ilegal), seguida dos DVDs (cun 18,1%). Galicia, pola súa parte, sitúase un ano máis entre os postos máis baixos do *ranking* nacional de pirateo discográfico, cunha porcentaxe do 6%, moi lonxe das “escandalosas” cifras acadadas en Valencia: 23% sobre o total. Outro dos datos interesantes do estudio e que marca diferenzas coas análises do ano pasado é o que se refire ó escenario do delito, ou mellor dito, da venda. Se o ano pasado eran as tendas tradicionais (entendido por tradicional o que está baixo teito e entre paredes) as que máis transaccións acapaban, agora son os postos ambulantes os que se levan a mellor parte, cun 57,1% das incautacións.



## As redes P2P, lonxe de esmorecer ante as descargas legais, collen novos folgos

O *entramado* P2P non deixa de medrar. O curioso é que o fai paralelamente ó novo mercado de descargas de música lécitima na Rede, segundo un estudo da firma CacheLogic. Neste informe arróxase o seguinte dato: en tan só un ano (dende o verán de 2003) duplicouse o número de descargas ilegais de música, películas e xogos a través de Internet. Estes datos evidencian que as grandes medidas tomadas contra a piratería, lideradas por estudos de cine e compañías discográficas, resultaron case que inútiles. Segundo o estudo, a piratería incrementábase debido á mellora das conexións á Rede e ó desenvolvemento das tecnoloxías de compresión, que permiten descargar arquivos de maior capacidade máis rapidamente. Asemade, o intercambio de cancións, filmes e xogos entre computadoras acadou cifras ata o de agora descoñecidas: O equivalente a case 3.000 millóns de cancións ou cinco millóns de filmes son intercambiados entre ordenadores diariamente. Ademais, CacheLogic estima que uns 10 millóns de *gigabytes* de datos -moitos dos cales son de produtos protexidos por dereitos de autor-, intercámbianse libremente entre internautas. O intercambio de ficheiros supón un elevado custo para a industria que xira en torno a Internet, que CacheLogic cifra en dez millóns de dólares anuais (gastos en mantemento de redes, banda ancha, etcétera).

## España avanza dous postos, ata o 21, en materia de aproveitamento da Rede

Un estudo recente realizado por IBM e The Economist Intelligence Unit entre 64 países, sitúa a España no posto 21 en canto ó aproveitamento de Internet, polo que adianta dous postos neste *ranking* respecto do 23 que acadou o ano pasado. Segundo este informe, os países que máis están avanzando son aqueles nos que colaboran conxuntamente os organismos públicos coas empresas privadas no mundo virtual, así como aqueles que analizan e teñen en conta a actividade de outros países neste eido. Malia este tímido avance de España, o nivel de conectividade e infraestrutura tecnolóxica é baixa, no posto 24 segundo o estudo. Isto débese a que o emprego da Internet e a penetración das computadoras persoais atópase por debaixo do 35% e da media europea. Aínda que conta cun favorecedor marco legal e político, catalogado como o undécimo da lista, a práctica do *e-business* de consumidores e empresas no eido nacional desaprovéitao e baixa ata o posto 18.



## Galicia Espallada: Internet consolídase como o nexo de unión dos emigrantes

Para os galegos na emigración, algo tan extenso e global como Internet está a consolidarse estes anos como un punto de unión co pequeno e co concreto, neste caso Galicia. Se hai uns días falabamos da comunidade Fillos.org e a primeira reunión non virtual dos seus membros, agora toca falar de Galicia Espallada, unha iniciativa de dous descendentes de galegos en Arxentina que pretende difundir a cultura dos seus devanceiros dunha maneira amena e innovadora grazas ó uso das novas tecnoloxías. Galicia Espallada é unha páxina web que está a piques de cumprir os seus tres primeiros anos de vida e conta xa con centos de miles de consultas anuais nas súas máis de 1.200 páxinas. O propio nome Galicia Espallada, indica dunha maneira clara e sinxela o verdadeiro significado desta páxina: reunir na rede a tódolos galegos espallados polo mundo enteiro e difundir para eles a cultura do seu país.

Nesta web podemos atopar moi diversas seccións como son a de historia, cultura (lendas, tradicións, festas, mitoloxía...), música, plástica, arte, gastronomía, ecoloxía, actualidade, opinión, emigración e literatura. Na sección de literatura hai unha escolma dos mellores escritores galegos dende Rosalía ata os nosos días. Na de cociña atoparemos as mellores receitas da cociña tradicional galega, onde non se bota en falta a receita da famosa queimada xunto co seu conxuro para espantar meigallos. O idioma galego e o galeguismo son dous elementos permanentes nesta páxina web, que ademais conta cun apartado que permite ós visitantes enviar cartas de opinión, noticias, experiencias, etc.



## Nace Acogelos.org, unha iniciativa fai un chamamento á adopción de animais abandonados

Durante estes días, as carencias afectivas de certas persoas cara as súas mascotas son máis evidentes ca nunca. Paralelamente, xorden iniciativas solidarias por tódolos currunchos de España. Unha das máis salientables dos últimos días é a creación da web [www.acogelos.org](http://www.acogelos.org), destinada á adopción de animais abandonados. A iniciativa partiu da Asociación para el Fomento de la Adopción de Animais de Compañía Abandonados (Asofaca), que pretende poñer en contacto a tódalas persoas interesadas na adopción de animais de compañía e ós que se dedican á súa recollida. Grazas a esta páxina que simplifica o proceso de adopción, poderase reduci-lo tempo que os animais teñen que estar nos centros de acollida. Segundo os datos que difundiu a asociación, cada ano en España abandonáanse máis de 200.000 animais, 9.000 deles en Galicia. Ademais, esta páxina serve de axuda na busca de animais desaparecidos difundindo a información que sobre estes aportan os seus donos. O presidente da asociación, Jorge Martín Nomen, indica que aínda que agora só traballan na Comunidade de Madrid a partir de novembro teñen pensado chegar a Barcelona, Bilbao, Sevilla e Valencia. Como declaran na súa páxina web, o seu obxectivo é empregar as vantaxes de Internet para axudar na labor dos centros de acollida, fundacións e ONGs e conseguir acabar co sacrificio de decenas de animais que cada día son abandonados en España.



Acogelos.org inclúe información sobre asociacións e sociedades relacionadas coa protección de animais, albergues municipais e ata un consultorio veterinario a disposición dos usuarios.

En Galicia, a maioría das asociacións protectoras actúan independentemente unhas das outras e non resultan realmente efectivas, ademais o censo de animais depende dos propios concellos e non hai un control efectivo da desatención dos animais domésticos.

# Código Cero



Portal de  
Novas Tecnolóxicas  
de Galicia



en <http://codigocero.com>  
atoparás información sobre

informática internet  
telefonía mac  
wireless linux  
eventos e moitas cousas máis



¡subscríbete ó  
noso boletín  
gratuito!



## A fotografía dixital está a transformar o mercado

As cámaras dixitais están a transformar o negocio da fotografía dun xeito profundo, xa que os usuarios xa sacan máis fotos das que imprimen, e os servizos antes descoñecidos coma o revelado fotográfico a través da Internet comezan a cobrar forza. Kodak sostén que os usuarios de cámaras dixitais incrementaron o seu hábito de captación de imaxes nun 65%, amosando os mesmos un certo grado de frustración o non saber cómo poder imprimir de xeito doado as imaxes, polo que a facilitación de tal operación podería incrementar o seu uso, de xeito que agardan que en 2006 o número de imaxes tomadas sexa o dobre que o actual, e que a meirande parte de trasladen ó papel. Incluso a impresión doméstica de fotografías non parece contar con moito atractivo, xa que resulta máis caro que nun establecemento profesional, aínda que tal diferenza de prezos se acurta día a día. Asemade, o mercado das impresoras tamén se beneficia desta tendencia cun incremento do 67% no que vai de ano.

## As liñas telefónicas de tarificación adicional precisarán de consentimento previo por parte do usuario

As modificacións legislativas introducidas polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio sobre a normativa que regula os servizos de tarificación adicional inclúen como principal cambio a **necesidade de precisar consentimento previo e firmado polo usuario** para dar uso ós números cos prefixos 803, 806, 807 e 907 que teñan un prezo superior a 1 euro. A medida entrou en vigor o presente xoves. Deste xeito aténdese unha solicitude das asociacións de consumidores que eran testemuña de que a meirande parte das reclamacións dos usuarios de telefónica e Internet viñan producidas polo uso fraudulento das liñas de tarificación adicional.

## Uns 200 coordinadores de 19 estados participarán na segunda edición do congreso on-line do Observatorio para a Sociedade

A segunda edición do Congreso Online “¿Cara que Sociedade do Coñecemento?” podería bater *records* este ano no que se refire a poder de convocatoria no eido das novas tecnoloxías: xa está confirmada a participación de case 80 grupos de traballo e máis de 200 coordinadores de 19 estados diferentes. No encontro, que unha vez máis organiza o Observatorio para a Cibersociedade, daranse cita académicos, empresarios, representantes das administracións e usuarios das novas canles da comunicación. Para todos aqueles que desexen participar neste congreso *on-line* cómpre recordarles que a inscrición é de balde na web da xuntanza e que o 26 de xullo ábrese o prazo de envío de comunicacións, cunha data límite o 7 de outubro. O Congreso conta co apoio de varias institucións, universidades e medios de comunicación, como a Generalitat de Catalunya, a Diputación de Barcelona, a Universidad Complutense de Madrid, o Centro de Supercomputación de Galicia (Cesga), Fundación Auna, Instituto Tecnolóxico de Monterrey ou Canal Sur, por poñer uns poucos exemplos. Asemade, os organizadores do Congreso continúan mantendo as portas abertas á adhesión de máis apoios.



## A Dirección Xeral de Tráfico facilitará os trámites cos cidadáns a través da súa web

As administracións e os cidadáns tenden a atoparse cada vez máis nun punto medio. As primeiras achéganse ós segundos a través das novas tecnoloxías e os segundos aforran tempo e esforzos á hora de efectualas súas tramitacións. Precisamente ese achegamento é o que está a propiciar a Dirección Xeral de Tráfico, que renovou a súa web co obxectivo de mellorar a información ó usuario acerca das funcións deste organismo. A partir de agora, é posible descargar dende esta web os diferentes modelos de impresos oficiais en tódalas linguas oficiais do Estado, o que repercutirá nunha meirande comodidade de cara ós cidadáns cando teñan que tramitar baixas de vehículos, matriculacións, renovación do carné de conducir, solicitar información sobre o pago de multas, alegacións, recursos, etc. A nova web, que se estrutura en 6 apartados (Información do Tráfico, Trámites, DGT Informa, Aula, Servizos e DGT), inclúe ademais recomendacións para os vindeiros días (moi útil agora que se achega a data en que unha cuarta parte da poboación do país se vai pór en marcha), todo tipo de datos acerca do estado das estradas, da circulación, do clima ou de itinerarios recomendables.

## Xa está operativa Veyactua.org, manual e guía do voluntariado

Os voluntarios potenciais que non saiban qué facer co seu tempo e a súa capacidade de esforzo xa non teñen escusa para non poñerse mans a obra, sobre todo se son usuarios de Internet. Así, para tódolos que queiran colaborar como voluntarios ou traballar nalguna ONG internacional creouse a web denominada Veyactua.org. Este sitio é un buscador que pretende facilitar información a tódalas persoas que desexen colaborar en calquera lugar do mundo de acordo co seu perfil laboral, lingua e preferencias. Veyactua.org, creada por un grupo de voluntarios, ofrece moita información relativa a postos de traballo desta índole, perfil das persoas que se precisan, tempo do proxecto, idade mínima e ata a posibilidade de falar con xente que está ou que estivo no lugar que interese. Na páxina web tamén é posible atopar todo tipo de tarefas, dende as remuneradas ata as que son completamente altruístas. Como declara Javier García Rodríguez, responsable da web, esta posibilita o desprazamento polos distintos portais que o integran, ofrecendo un comentario acerca de cada un, a funcionalidade, obxectivos e enlaces que ten, tarefa que simplifica moito a busca de información. Grazas a Veyactua.org, a busca de datos para decidir colaborar en misións humanitarias, que nun principio semellaba complicada, converteuse nunha simple visita por Internet na que poder atopar dunha maneira clara e rápida todo o necesario para lanzarse a aventura.



## Xurde radioGaliza.net, unha iniciativa a prol da “Galicia universal”

A vida cultural galega corre risco de morrer asfixiada. Esa é a valoración sobre a que se asenta a iniciativa radioGaliza.net. O obxectivo é ceibar -a partir de 25 de xullo-, aire fresco nun país que, ó xuízo dos responsables do proxecto, vai camiñando estes últimos anos de estereotipo en estereotipo, “entre *liturxias folclóricas, cantantes enxebres e festas gastronómicas*”. Esta vontade de brindar un espazo cultural alternativo complementábase coa de situar á lingua galega no lugar que se merece, ó mesmo nivel ca calquera outra das teoricamente universais. Internet máis lingua galega é unha boa ecuación, como se deduce dese manifesto que é a súa nota de prensa para os medios: “*RadioGaliza.net quer ser un vehículo de expresión da sociedade galega aberta e dinámica, que quer comunicar dum xeito próximo da xente, un meio recíproco e activo, emissora de ideas e receptora de sonhos e vontades*”. Os responsables da iniciativa (Asociación Galega da Lingua) convidan ademais a tódolos galegos de pensamento libre -ou ós que simplemente teñen algo que dicir-, a que compartan as súas experiencias con eles a través desta plataforma (ós que queiran participar se lles subministrará do software necesario para establecer a comunicación). O proxecto quere ser, ademais, unha especie de punto de encontro que canalice toda esa expresión galega universal (un dato curioso: cando se lle pasa o corrector de texto ó termo “radioGalicia.net” ofrécese a alternativa “radiobaliza”... ¿tratarase dun sinal?).



## A firma coruñesa Enxebre amosará as súas últimas producións 3D na feira Siggraph 2004, nos Estados Unidos

O vindeiro mes de agosto terá lugar en Los Ángeles, California, a feira máis importante a nivel mundial dedicada ó mundo dos gráficos por computadora (Siggraph 2004), onde compañías de envergadura como PDI (*Shrek*) ou Pixar (*Monster S.A.*, *Buscando a Nemo*), etc. mostran os avances tecnolóxicos utilizados nas súas últimas producións. Este foi o marco elixido pola firma coruñesa Enxebre para a exhibición dos seus máis recentes produtos en 3D. Mediante un sistema de reprodución en alta definición estereoscópica (3D) e un monitor autosteoscópico (monitor 3D sen lentes) mostraranse anacos destes traballos, incluíndo a súa última produción, que está a ser distribuída pola multinacional canadense Simex, especializada en contidos para parques temáticos. Enxebre estará os vindeiros días 10, 11 e 12 de agosto no *stand* nº 1015 do 3D Consortium, organización internacional dedicada á difusión, desenvolvemento de contidos e plataformas 3D estereoscópicas.

## Softgal desenvolve o soportal do empregado de BiaGalicia con tecnoloxía Net.Portal

O Grupo Tecnolóxico Softgal foi seleccionado por BiaGalicia (compañía de seguros de vida), para desenvolver o seu soportal web do empregado, proxecto innovador no que a primeira das empresas fará uso do software Net.Portal 2004 de Mediapps. Esta web, que xurde coa intención de mellorar a comunicación entre os empregados, crear e xestionar documentos internos e recursos compartidos da compañía, conta con diversos servizos como un apartado de novas, un buzón de suxerencias, foros, enquisas, etc. O produto incorpora unha ferramenta de xestión de arquivos que permite realizar accións de *check-in/check-out* de documentos, control de versións, etc. O equipo de Softgal emprega unha tecnoloxía composta polo software Net.Portal 2004 para Java (nun sistema operativo Windows 2003) e o xestor de datos SQL Server. Cómpre lembrar que Softgal é o Grupo Tecnolóxico líder no mercado galego das TIC, cun equipo de 300 profesionais altamente cualificados e sete centros de traballo en España e Portugal. Pola súa parte, Mediapps conta con máis de 500 clientes e unha rede de socios certificados. Esta empresa, que ten delegacións nos principais países europeos, ofrece unha solución dedicada a sistemas corporativos de intranet ou extranet: Net.Portal para agregación e publicación de contidos internos, así como unha serie de elementos colaborativos.



## Atrapalo.com: o ocio ó alcance de calquera economía

Logo do soño, vén a realidade. Despois de quebras e despedidos, froito de malas planificacións empresariais sobre un marco que non se coñecía ben (Internet), o que queda é un panorama onde xente cos pés ben asentados na terra dedícase a utilizar os recursos das novas tecnoloxías en beneficio da imaxinación e a competitividade, e non ó revés. Nesta liña creativa cómpre situar a Atrapalo.com, unha iniciativa innovadora que pode servir de exemplo de cómo hai que facer negocios na Rede. Do que se trata é de poñer a disposición dos internautas un portal que funciona como unha unidade de xestión de ocio ó mellor prezo. Espectáculos máis baratos, en calquera lugar de España, en virtude da optimización do “stock” de determinadas empresas (o que lles sobra, o que non son quen de colocar no mercado). Para dicilo aínda máis claramente: Atrapalo.com é unha especie de axencia de viaxes ou actividades de ocio especializada en ofertas. Entradas de cine, teatro, concertos, reservas en restaurantes, aloxamento en calquera punto de España: todo ten cabida nesta web. “A nosa posición”, dixo Ignacio Sala o ano pasado na súa visita a Santiago de Compostela con motivo da celebración do congreso Galiciatic, “é a de comisionistas, tendo para este ano unha previsión de facturación de 10 millóns de euros”. Ó seu xuízo, a clave do éxito dunha iniciativa destas características ou similares pasa polo seguinte: eliminar barreiras de entrada, elixir un produto estrela (espectáculos/viaxes) e animar ós clientes a repetir a experiencia. Evidentemente, a viabilidade do proxecto non pasa por seleccionar un obxecto de baixo consumo, senón todo o contrario: había que buscar algo que fixese a meirande cantidade de persoas. E logo está a cuestión “boca a boca”, de aí que os responsables do portal ideasen o sistema “díselo a un amigo”, un apartado que lle permitía ó usuario reenviar ofertas a outros usuarios (máis ou menos, a media de cartas destas características é de 30.000 á semana, o que representa unha cifra nada desprezable).

Quen non ten desexos de viaxar estes días? Todo o mundo quere desprazarse no verán. Dalgunha maneira moverse no espazo vén a ser unha especie de cura, de sesión terapéutica que libera ó individuo das cargas acumuladas ó longo do ano, sexa no traballo ou nos estudos. Se podería dicir que o que viaxa deixa tras de si un ronsel de penas (que logo no regreso se volvan a recoller unha a unha é outra historia da que falaremos máis adiante, en setembro quizais). Hoxe en día non é ningunha tolemia dicir que o viaxeiro de verdade, o *compulsivo*, o que leva no sangue a necesidade de desprazarse e coñecer outra xente e outras culturas é tamén un internauta. Isto ocorre xa na meirande parte dos casos, é unha realidade. Vaíamos ós datos:

- A nivel europeo, segundo unha serie de estudos publicados ó longo destes meses (entre o que destaca o da firma TradeDoubler Tracker), as vendas de viaxes medraron no mes de maio un 141 por cento en comparación co que ocorría polas mesmas datas en 2003. Segundo esta compañía, “*ós que mercan estes produtos ‘on-line’ gústalles a liberdade que supón a busca de vacacións por Internet, ir elixindo os distintos tramos do desprazamento a través de diferentes axencias en lugar de delegar estas funcións nun único axente de viaxes*”.
- A revista Vnnet publicou estes días un completo e interesante especial sobre o fenómeno “viaxes pola Rede” no que se incidía, ó longo de case tódolos textos, na seguinte previsión: a dos desprazamentos e vacacións podería converterse na primeira industria mundial que efectúa o groso das súas vendas a través das novas canles tecnolóxicas, tanto nos Estados Unidos (ó longo da década) como en moitos lugares de Europa, incluída España, onde o ritmo de crecemento das operacións levadas a cabo na Rede é digno de terse en conta.
- Xa que se fala de España, é importante dicir que, segundo os datos do Estudio Xeral de Internet, que máis se merca a través da Rede son precisamente as reservas de viaxes, cun 21% do volume total de operacións, seguidas dos libros (18 %) e as entradas para concertos ou obras de teatro (17 %). É importante subliñar que estes datos sitúan á Rede como a canle de adquisición por excelencia de produtos de ocio, o que probablemente estea xa a facer importante mella en determinados establecementos tradicionais. A estes, como é de supoñer, non lles quedará máis remedio que amplialos seus servizos a Internet: renovarse ou desaparecer.
- 500 millóns. Esta cifra, coa que se abriu este artigo, é o volume



## Viaxes de verán... mellor con Internet

*Cada vez máis, téndese a identificar a busca de viaxes coa conexión a Internet. Non é que todo internauta ande na procura dunha viaxe, pero case. E os datos non menten: unha cuarta parte dos españois utilizan a Web para mercar un produto vacacional, estando o gasto total ó longo desta tempada estimado en 500 millóns de euros, cifra que non está nada mal se pensamos que vai destinada exclusivamente á contratación de viaxes. Semellantes cifras, emitidas polo Observatorio Español de Internet, complétanse coa da media de gasto por cidadán nestes servizos por Internet: 200 euros. Este comercio ‘on-line’, en realidade, bota por terra tódolos argumentos que sostían ata o de agora que en España non se compra na Rede. Ben, comprar non se comprará na Rede, pero viaxar, a xulgar polo éxito de webs como Atrapalo, Wanadoo, Lycos ou Lastminute, viáxase moito. O proceso é imparabile. Todo apunta a que a industria de viaxes consolidarase como a primeira que xestiona o groso das súas vendas por Internet.*

total de euros que se estima serán investidos ó longo desta tempada de verán na adquisición dalgunha modalidade de servizo vacacional, o que supón unha media de 200 euros por persoa en España. A cifra, que será maior o ano que vén, contradí en gran medida a sensación xeralizada de apatía e desconfianza que, polo menos no plano teórico, desencadea Internet nos españois. É certo que (en Galicia tamén) aínda quedan moitas persoas que teñen medo de ser vítimas dun fraude, pero en cuestións de viaxes semella que os usuarios das novas tecnoloxías están a facer un “mundo aparte”.

- Segundo o secretario de Estado de Turismo, Pedro Mejía, “Internet abre posibilidades novas que os viaxeiros aproveitan cada vez máis”. Ó seu xuízo, hai máis liberdade á hora de comprar a través da Rede, elixir ofertas que máis conveñan e de deseñar itinerarios distintos aos previamente establecidos, é dicir: facer un turismo á medida do usuario, libre de condicionantes.
- Máis declaracións, desta vez da man dunha persoa que está dentro do sector: Ignacio Martos, director xeral da axencia de viaxes *on-line* Rumbo. Ó seu xuízo a distribución hoteleira a través de Internet ten un futuro moi prometedor, tanto en hoteis urbanos como en vacacionais. “Unha vez que o usuario ten acceso a voos cun prezo moi atractivo beneficiándose das ofertas que as compañías aéreas lanzan ó mercado, o paso natural é dar acceso ás tarifas de hotel de forma directa, iso facilita a creación do propio paquete turístico por parte do cliente”, comentou.

## Lycos: as mascotas tamén viaxan

Entre os que destaca estes días a revista dixital Vnnet, os afeccionados ó distinto e ó alternativo deberían tomar nota da **canle de viaxes de Lycos.es**, que apoia gran parte do seu atractivo na sección *vacaciones diferentes*. As praias ás que non vai todo o mundo, as mascotas que non se abandonan (e que se levan de viaxe), os itinerarios en cadeira de rodas, o ecoturismo (viaxar respectando a natureza: deixemos o coche na casa)... en definitiva toda unha serie de recomendacións ideais para os internautas que, no caso de animarse a facer a Ruta Xacobeana preferirían facela a través do camiño que aínda non transitou ninguén. E é que viaxar, o que se di viaxar, non ten por qué ser caro nin estar só a altura duns poucos privilexiados. Menos de 60 euros dan para moito, incluso para perderse e volverse a atopar. Lycos di que si.

## Lastminute, o que non viaxa é porque non quere

Hai viaxeiros e viaxeiros. Unha longa listaxe de tipos. Entre os máis curiosos (e abundantes) están os do “último momento”. Soen ser persoas que deixan todo para o último intre ou que simplemente non gustan de planificar con demasiada antelación. Para eles vai dirixida en parte a canle Lastminute.com (*ultimominuto.com*), que naceu como unha web de viaxes para facerse con servizos de última hora. O éxito desta web fai pensar que hai máis usuarios deste tipo do que en realidade se pensaba. Unha auténtica nova *raza de lastminuteiros*. De un tempo a esta parte, estes e outros usuarios poden disfrutar neste sitio non son de oferta de viaxes, senón de calquera produto que non se puido adquirir cando se tivo ocasión. Esta web facilitaríala o camiño de todos aqueles que chegan tarde ó cine, ou a un concerto. Hai oferta de voos, casas rurais, todo tipo de compras. O seu manexo é doado e moi directo. É case que imposible perderse. Lastminute.com está especialmente concibido para facelo todo en 60 segundos, os últimos.

Listen to Al-Nour Broadcasting on the Following Waves:

**Islamic Resistance Support Association**

**"Israeli" Occupation**

Reality

Background

Characteristics

"Israeli" Aggressions

Features

Views in Zionism

Impacts

Gallery

Readers' Letters



SHARE IN COMMENT

**Resisting the Occupation**

Right to Resist

Background

Views

Military Operations

Martyrs

Hostages

Wounded

Cartoons

Statistics

Contributions    **Articles & Opinions**    Daily Report

## "Se quiere sumarse á Yihad, faga click aquí"

*Internet mudou as formas de vida nos últimos anos. As mallas da rede son tan amplas e ofrecen tantas posibilidades que mesmo o terrorismo fundamentalista se adapta ós tempos. Os servizos de intelixencia saben que Al Qaeda e outros grupos integristas utilizan as novas tecnoloxías para multitude de fins: recrutamento de adeptos, recollida de datos, intercambio de información mediante mensaxes encriptadas... Nalgúns casos, chegouse a pechar páxinas asociadas a Al Qaeda. Noutros, seguen servindo de punto de encontro de terroristas. Os atentados do 11-S marcaron un punto de inflexión nova concepción do terrorismo: os gobernos xa saben que están expostos a ataques cibernéticos. A seguridade dos países e dos grandes eventos converteuse nunha obsesión. Cando quedan poucas xornadas para que comecen as Olimpíadas de Atenas, Código Cero repasa a conexión do terrorismo coas novas tecnoloxías.*

DAVID F. VILLAR

Un estudo moi eloxiado do ano 1991 sobre os riscos dos sistemas informáticos comezaba dicindo "quizais os terroristas de mañá podan conseguir máis cun teclado que cunha bomba". Houbo quen o cualificou de alarmista, pero o informe tan só facía un prognóstico de futuro logo de constatar as liñas de actuación e os métodos empregados nos atentados daquela época. En 1985, un ataque contra os sistemas que xestionaban os trens de alta velocidade xaponeses tivo grandes repercusións. As perdas cifráronse en seis millóns de dólares e sete millóns de persoas non puideron facer uso deste medio durante un día enteiro.

Na actualidade, case 20 anos despois daquela acción, o perigo do uso da informática asociado a grandes atentados segue estando presente e cobra maior importancia despois dos acontecementos do 11-S. As organizacións terroristas existentes nos anos da Guerra Fría pertencen xa ós libros de historia. Eran verticalmente rixidas e moi xerarquizadas. Agora, o novo contexto internacional e tecnolóxico provoca que este tipo de bandas adopten unha estrutura horizontal, cunha organización en rede e cun continxente de activistas máis ben difuso.

As tecnoloxías existentes na sociedade da información ofrecen moitas vantaxes ó novo terrorismo global. Son os colectivos que comezaron a súa actividade a comezos dos 90 e que marcan con lume ás páxinas máis negras da crónica diaria. Os seus membros atópanse xeograficamente

dispersos e desempeñan actividades diferentes pero complementarias. Internet convértese na ferramenta que acurta as distancias, a que permite aumentala velocidade de mobilización, a que facilita as tarefas de recrutamento e mesmo a que simplifica a xestión dos recursos financeiros dos que dispón a banda. Mentres, os custos da comunicación redúcense.

Al Qaeda, *la base*, é o mellor exemplo. A organización creada por Bin Laden defende unha interpretación fundamentalista do Islam, pero tamén soubo axeitarse ós tempos da revolución tecnolóxica. No seu ideario e no seu *modus operandi* conxuga, paradoxicamente, tradición e modernidade. Que Internet teña un grao de penetración mínimo alí onde ten a súa base social -África, 1.4%; Oriente Medio, 6.5%; Asia, 6.7%, segundo datos de maio deste ano- (frente ó 29.9% de Europa ou ó 69.8% de Norteamérica) é un asunto que non importa. Al Qaeda renega das innovacións occidentais, pero usa a Rede para expandir a lóxica do terror.

A pesar da debilidade das novas tecnoloxías en Oriente Medio ou Asia, un rastrexo non demasiado exhaustivo da Rede mostra a propaganda fundamentalista de grupos coma Al Qaeda, Hezbolá ou Hamás. Bin Laden usa Internet con frecuencia para dirixirse ós seus seguidores. Na ocupación americana de Afganistán, felicitou ós afganos pola súa resistencia ante a invasión americana. Hai

Francesc Canals, presidente do Observatorio Español de Internet:

**"O CONFLICTO DE IRAQ PASARÁ Á HISTORIA POR SE-LO PRIMEIRO NO QUE SE EMPREGAN TÉCNICAS DE INFOGUERRA"**

Cos atentados do 11-M en Madrid os españois perdemos a inocencia. Acostumados ós ataques de ETA, poucos pensaban que o noso país podía estar no punto de mira do terrorismo internacional. A globalización era, ata ese fatídico día, sempre relativa a cuestións coma a información ou o comercio. Cos 200 mortos de Madrid, descubrimos que tamén estabamos no mapa do terror. Un mapa onde a guerra na Rede complementa ós atentados convencionais. Cando hai un acontecemento mundial de importancia, tódalas alarmas acéndense. A poucos días da inauguración das Olimpíadas de Atenas, Código Cero falou con Francesc Canals, presidente do Observatorio Español de Internet, para que nos dera a súa cualificada opinión.

Canals afirma que a seguridade neste acontecemento deportivo é fundamentalmente física, que o risco dun ataque cibernético e baixo. Os datos argumentan a súa opinión: estímase que para protexer ós 16.000 atletas, a organización investiu 1.200 millóns de dólares. Ademais, 70.000 militares e oficiais de policía patrullarán en Atenas. O presidente do Observatorio sostén que os gobernos aínda non aprenderon a defenderse na Rede e pon un exemplo ó respecto. "Tódolos esforzos posteriores ó 11-M estiveron centrados no control da información na prensa, pero ninguén pensou na posibilidade dun ataque ós sitios gobernamentais na rede".

Por elo, alerta da posibilidade de que, seguindo a tendencia doutros países, España tamén poida sufrir ofensivas por parte de ciber células terroristas que ataquen servidores institucionais ou difundan rumores e pánico. O concepto de defensa no século XXI non abrangue sómente o físico. De feito, os Estados Unidos plantexáronse despois do 11-S a colocación dun *ciberescudo* que protexera ós 4.000 principais servidores do país. "É a utopía da seguridade total no terreo da informática -comenta-. Para facelo real habería que investir milleiros de millóns de dólares."

O que non foi unha ilusión foron as técnicas empregadas polos Estados Unidos na invasión de Iraq. Canals asegura que esta guerra pasara á historia por sela primeira na que se empregan técnicas de *infoguerra*. "Tres dos catro webs iraquís máis importantes non estiveron operativas nas primeiras accións militares sobre o país". As axencias de noticias e os Ministerios de Cultura e Información do Goberno de Sadam sucumbiron ó *hacking*, unha técnica ilegal.

# MANUAL BÁSICO DO TERRORISTA EN REDE

## 1. Ciberterrorismo

Trátase do uso de ferramentas e técnicas de sabotaxe electrónico co obxectivo de provocar grandes danos. Combinado con ataques convencionais, o ciberterrorismo podería ter consecuencias impredecibles. Centrais nucleares, redes de electricidade, centros financeiros, servizos aeroportuarios ou compoñentes da infraestrutura nacional son algúns dos posibles obxectivos desta modalidade de terrorismo. Se Al Qaeda bloqueara os ordenadores do control de transporte aéreo o 11-S, a catástrofe sería de moita maior envergadura. A pesar de que hai poucos exemplos, a *ciberyihad* en curso contra direccións israelís e norteamericanas segue mantendo a pantasma do ciberterrorismo a nivel internacional. Son grupos de *hackers* moi ben organizados que operan dende países pro-islámicos e que tentan inutilizar *websites* institucionais. O ciberterrorismo é barato, non require de armas e ten gran eco mediático, pero tamén presenta sombras. Resulta máis complexo conseguir o nivel de dano desexado e tamén é menos dramático, posto as vítimas son principalmente *virtuais*.

## 2. Criptografía, esteganografía

Requiren un software específico. Os programas criptográficos novos son tan sofisticados que dentro de pouco será moi difícil descifra-las mensaxes codificadas. Desta maneira, os terroristas conseguen transmitir información confidencial en correos electrónicos encriptados; é dicir, envían textos ou imaxes que usan un código secreto para dicir máis do que apreciamos a primeira vista. O FBI ten constancia de que nos preparativos do 11-S, os terroristas de Al Qaeda utilizaron este tipo de comunicación. A partir daquela, os servizos de intelixencia americanos comezaron a usar o programa *Carnivore*, que rastrea e intercepta na Rede millóns de comunicacións que usan unha determinada palabra clave ou filtro (Bin Laden, atentado, Yihad...)

## 3. Hacktivismo

Fai referencia á unión dos piratas electrónicos e o activismo. Ten como obxectivo interrumpilo funcionamento normal de sitios web, pero sen causarlles danos serios. Os exemplos máis coñecidos desta modalidade son:

- As sentadas e bloqueos. Miles de activistas visitan simultaneamente un sitio web, co obxectivo de saturalo.
- O bombardeo electrónico (ou *fax spamming*). Paralización dun sistema informático mediante o envío masivo de milleiros de correos de grandes dimensións. Os expertos consideran que o primeiro ataque terrorista coñecido contra os sistemas informáticos dun país foi en 1998. As guerrillas da minoría tamíl lanzaron unha avalancha de mensaxes (800 correos electrónicos ó día durante dúas semanas) para inundalas embaixadas de Sri Lanka e crear inquietudanza. No conflito de Kosovo houbo prácticas semellantes.
- As sabotaxes. Hackers que reemplazan os contidos de sitios web gubernamentais ou empresariais. Normalmente, levan aparelado unha reivindicación política.
- Os virus e vermes informáticos. Son códigos maliciosos que infectan ós ordenadores e se propagan polas redes informáticas.

### Algúns enderezos de interese

- <http://www.islamonline.net/English/News/2002-08/26/article19.shtml>
- <http://www.moqawama.org/page2/main.htm>
- <http://www.qudsway.net>
- <http://www.alneda.com/>
- <http://www.noticiasdot.com/publicaciones/2003/0303/0803/noticias080303/noticias080303-2.htm>



### DAVID F. VILLAR

Un estudo moi eloxiado do ano 1991 sobre os riscos dos sistemas informáticos comezaba dicindo "quizais os terroristas de mañá podan conseguir máis cun teclado que cunha bomba". Houbo quen o cualificou de alarmista, pero o informe tan só facía un pronóstico de futuro logo de constatar as liñas de actuación e os métodos empregados nos atentados daquela época. En 1985, un ataque contra os sistemas que xestionaban os trens de alta velocidade xaponeses tivo grandes repercusións. As perdas cifráronse en seis millóns de dólares e sete millóns de persoas non puideron facer uso deste medio durante un día enteiro.

Na actualidade, case 20 anos despois daquela acción, o perigo

do uso da informática asociado a grandes atentados segue estando presente e cobra maior importancia despois dos acontecementos do 11-S. As organizacións terroristas existentes nos anos da Guerra Fría pertencen xa ós libros de historia. Eran verticalmente rixidas e moi xerarquizadas. Agora, o novo contexto internacional e tecnolóxico provoca que este tipo de bandas adopten unha estrutura horizontal, cunha organización en rede e cun contínuo de activistas máis ben difuso.

As tecnoloxías existentes na sociedade da información ofrecen moitas vantaxes ó novo *terrorismo global*. Son os colectivos que comezaron a súa actividade a comezos dos 90 e que marcan con lume ás páxinas máis negras da crónica diaria. Os seus membros atópanse xeograficamente dispersos e desempeñan actividades diferentes pero complementarias. Internet convértese na ferramenta que acurta as distancias, a que permite aumentala velocidade de mobilización, a que facilita as tarefas de recrutamento e mesmo a que simplifica a xestión dos recursos financeiros dos que dispón a banda. Mentres, os custos da comunicación redúcense.


Al Qaeda, *la base*, é o mellor exemplo. A organización creada por Bin Laden defende unha interpretación fundamentalista do Islam, pero tamén soubo axearse ós tempos da revolución tecnolóxica. No seu ideario e no seu *modus operandi* conxuga, paradoxicamente, tradición e modernidade. Que Internet teña un grao de penetración mínimo alí onde ten a súa base social -África, 1.4%; Oriente Medio, 6.5%; Asia, 6.7%, segundo datos de maio deste ano- (frente ó 29.9% de Europa ou ó 69.8% de Norteamérica) é un asunto que non importa. Al Qaeda renega das innovacións occidentais, pero usa a Rede para expandir a lóxica do terror.

A pesar da debilidade das novas tecnoloxías en Oriente Medio ou Asia, un rastreo non demasiado exhaustivo da Rede mostra a propaganda fundamentalista de grupos como Al Qaeda, Hezbolá ou Hamás. Bin Laden usa Internet con frecuencia para dirixirse ós seus seguidores. Na ocupación americana de Afganistán, felicítou

ós afganos pola súa resistencia ante a invasión americana. Hai pouco máis dun ano, utilizou o sitio web dun centro de estudo islámico para chamar á *yihad* e animar a atacar intereses occidentais. Pola súa banda, Hezbolá, o grupo pro iraní que proporciona cobertura ós radicais chiítas, mantén unha páxina que informa dos ataques perpetrados e se contacta con futuros mártires. Hoxe, calquera pode ter acceso a esta información. Semella que o único necesario para participar na Guerra Santa é un grao alto de fanatismo e un simple *click* de rato.

Os servizos de intelixencia dos Estados Unidos saben que os grupos extremistas teñen acceso a documentación sobre múltiples cuestións como, por exemplo, as armas nucleares. Diversos informes sinalan que Al Qaeda ten a capacidade e o coñecemento técnico como para facer do ciberespacio un instrumento terrorista. De feito, nos ordenadores requisados á banda en Afganistán, a CIA constatou que os membros da organización navegaban por lugares que contiñan información e ferramentas informáticas para o control de redes de distribución de enerxía, transporte e comunicacións. Neste sentido, as autoridades de EE UU temen desde hai tempo o que Richard Clarke -o ex coordinador da seguridade e infraestrutura tecnolóxica da Casa Branca- denominou como *Pearl Harbour informático*. É dicir, unha ofensiva cibernética que paralizaría a economía do país. Segundo Clarke, este risco é real dada a crecente dependencia da nosa sociedade de Internet.

A Rede mostra aquí as dúas facianas. A que contribúe ó desenvolvemento das sociedades, e a que facilita ós terroristas medios e falla de regulación legal para que a usen como unha arma máis. Neste caso, a Rede é como o deus Jano, aquela divindade dual que tiña dúas caras (unha vella que miraba cara atrás e un mozo que miraba cara adiante), e que en tempos romanos se lle identificaba coa separación da guerra e da paz porque a entrada do seu templo mantiñase pechada en tempos de tregua e aberta en tempos de loita. ¿Conseguirán os terroristas abrirlo santuario de Jano?



Internet e o seu uso pode chegar a representar un problema de disciplina nos centros de traballo. Iso é o que se desprende dun estudo desenvolvido por Cerberian e SonicWall: a Rede, como tantas outras cousas na vida, é boa segundo a utilización que se lle dea. Segundo este traballo, máis do 75% dos enquisados visitaron accidentalmente páxinas web con contidos pornográficos mentres traballaba, e un 15% fíxoo en máis de dez ocasións. A sondaxe tamén arroxa este dato preocupante (sobre todo para os empresarios, que so os que pagan estas infrasestruturas): a metade das 2.400 persoas que responderon ó cuestionario admitiron que pasan máis do dez por cento do seu “tempo laboral” conectados á web por motivos persoais, o que vén representando catro horas por semana (e se imos aínda máis lonxe, nove días ó ano: máis dunha semana anual comportándose improdutivamente). A xuízo de Cerberian, provedor de solucións de filtrado e SonicWall, provedor de ferramentas de seguridade informática, o uso inapropiado de Internet pode dar lugar a serios problemas de disciplina no lugar de traballo, “polo que é necesario agora máis ca nunca que os empresarios adopten políticas de acceso á Rede e tecnoloxías de filtrado”. Esta última frase lévanos directamente ó obxectivo último do estudo: “Empresarios, tendes un problema pero aínda estades a tempo de solucionalo coas nosas ferramentas” (non se pode concibir que unha investigación se faga por que si, hoxe nada se fai porque si).

## O uso de Internet no traballo reforza a industria do porno “on-line”



### FERNANDO SARASQUETE

Sen embargo, a enquisa de SonicWall, se a liberamos de todo o que ten máis clara aparencia de operación de *marketing*, é sumamente interesante polo que ten de estudo sociolóxico e laboral. Que pasa cunha persoa que está diante dunha computadora aberta a un mundo de posibilidades? Se se lle habilita a un rapaz unha estancia que aglutine nunha soa a habitación dos xogueteos e a do estudo, poderá concentrar unicamente os seus esforzos no segundo? Un dos puntos máis desconcertantes da investigación de SonicWall é o termo “accidentalmente”, expresión que se pensa con calma pode ser aplicada a infinidade de accións humanas. Cantos dos que andamos polo mundo non son produto dun accidente? O cerebro ás veces di unha cousa e a man vai polo outro camiño. A mente ponse trampas a si mesma, e logo os xefes de planta ou sección ven esas trampas e todos tranquilos. Nalgúns casos incluso se podería falar de costume accidental. O caso é que os datos do estudo son os seguintes: o 55 por cento dos empregados accede a estes sitios a través de anuncios *pop up* (en

realidade case todo o mundo di que os pecha nada máis velos), o 52% chega a esas páxinas por erros ó teclear unha páxina (cousa que pode pasar, é certo, pero segundo a lei de probabilidades, non máis dunha vez ó ano) e un 23% accede por correos electrónicos que reciben e que convidan a visitar este tipo de contidos (*spam*). O máis curioso de todo é que estes *accidentes*, non por ser fortuítos, deixan de ter algún tipo de orde, segundo se desprende do estudo. Ó parecer, existen unhas horas máis axeitadas que outras para poñerse ata as cellas con páxinas porno: as visitas incrementáanse ás 9.00 horas e ás 17.00.

Polo que respecta a cifras, a investigación arroxa unha cantidade de cartos (perdida) certamente preocupante: a diminución de produtividade provoca perdas de 450 millóns de dólares ó ano. Conclusión: o santo que chora cada vez que un traballador conéctase a unha web porno xa non está so na súa preocupación. Agora fanlle compañía o empresario e máis un son de fondo: o da caixa rexistradora que se abre para deixar saír uns cantos billetes que nunca regresan.

### Unha industria con saúde de ferro

A industria do porno en Internet está que non colle en si mesma de ledicia. Aliméntanse as súas caixas fortes de usuarios de todo o mundo, a maioría deles “internautas accidentais” (porque é así como haberá que chamar a partires de agora ós afeccionados ó sexo virtual). Segundo datos de Filter Review e Websense a industria *on-line* do porno recibe unha media de 57 mil millóns de dólares anuais, 12 mil millóns dos cales xéranse en EE UU, berce de conservadurismo e “boas costumes”, e (quen o ía dicir?) de infinidade de produtos relacionados co sexo. Segundo este estudo, o 25 por cento das buscas que se fan en Internet están vinculadas a estes contidos. De feito, o terceiro termo máis empregado nos buscadores é o termo “sex” (o que, por outra banda, reflicte a escasa orixinalidade de gran parte dos usuarios). Ademais, o 8% dos correos electrónicos instrúen ós usuarios acerca destes temas: cada persoa é *bombardeada* cada día por unha media de 4,5 invitacións a acceder a esta clase de webs. A moitos destes usuarios esas invitacións non lles afectan. Pero a un 25%, como se deduce da enquisa, lles pode a curiosidade.

A industria do sexo en Internet é un negocio sen límites. Por se isto fose pouco, tira en moitos aspectos do carro da tecnoloxía. Malia que a moitos lles custe recoñecelo, o porno innova. E tanto. Tal e como reflectiu a web Baquía o pasado inverno, o porno “foi sempre por diante na utilización de contidos e na forma de aplicar algúns dos grandes paradigmas de Internet. Yahoo relémbranos que tanto os seus servizos de pago como os de MSN foron configurados seguindo as pautas marcadas por esta industria. A propia Amazon orientouse ó sistema de *marketing viral* que xa probaran con éxito anteriormente as empresas de pornografía ‘on-line’”. De feito, non hai máis que pensar na evolución da técnica fotográfica. Na meirande parte dos avances tecnolóxicos desta práctica houbo un afeccionado ó porno detrás.



*Hai unha industria que traballa en Internet e que nunca se viu afectada polas crises nin pola burbulla tecnolóxica nin pola falta de clientela. Os seus ingresos totais son dunha envergadura tal que non son nin remotamente comparables ós das grandes multinacionais do software. A clientela é tan fiel como se poida imaxinar: calcúlase que no mundo hai uns 185 millóns de persoas que se conectan diariamente a algunha das páxinas do sector. Nesta industria déronse algunhas das innovacións tecnolóxicas máis salientables dos últimos anos e hai unha listaxe de países que case ninguén sabería situar no mapa que están a desenvolver as súas limitadas economías habilitando dominios para estas páxinas, aínda que despois o neguen. Estamos a falar do porno en Internet, un fenómeno que se fai máis forte en ambientes adversos, que medra ante o puritanismo.*

## Os reis da pornografía: ¿quen se enriquece no negocio máis rentable da Rede?

### China achaca á pornografía en Internet unha boa parte dos males sociais do seu país

O avance económico e tecnolóxico de China semella paralelo a unha certa involución en materia de tolerancia e liberdades. Os internautas medran (é o segundo país do mundo en número de usuarios: 80 millóns) pero os límites que se lles imponen tamén. Polo menos, iso é o que se deduce da guerra iniciada polo goberno chinés en contra de todo o que signifique (para eles) “contido censurable” na Rede, páxinas e máis páxinas nas que, segundo as autoridades, hai todo tipo de material indecente (fotos, vídeos, textos) e pornográfico que debe ser prohibido de inmediato. Este tipo de censura, que é aplicada normalmente por xente que si que ten acceso a ese material (a cuestión é que ser censor é un privilexio) segundo o goberno chinés, unha maneira de poñerlle freo a un fenómeno que está a aumentar no país e que xa danou gravemente ás boas costumes, contaminando o ambiente social e prexudicando á saúde mental dos xóvenes. Independentemente de que estas webs prexudiquen ou non a boa saúde dos censores, o certo é que a iniciativa vai cara diante, e xa se habilitou unha páxina, [www.cyberpolice.cn](http://www.cyberpolice.cn), onde os cidadáns poden denunciar os sitios pornográficos que lles pete. Ata o momento xa hai 500 sitios web que van ser eliminados. Dende o momento en que se creou a axencia de vixilancia en China, xa se presentaron máis de 22.000 denuncias. Sexa como sesa, a iniciativa agocha certos matices preocupantes que van máis alá do simple feito de censurar (para moitos de por si censurable), tal e como asegura Reporteiros sen Fronteiras e outras organizacións de dereitos humanos, para as cales esta e outras medidas non son outra cousa que unha escusa para coartar as liberdades ideolóxicas e políticas. Dito doutra maneira e para que se entenda: no caixón de sastre da pornografía inclúese todo o que vaia en contra das ideas políticas do goberno.

F.S.



É curioso o pouco que se fala na vida real e nos medios de comunicación da pornografía en Internet e a boa saúde da que goza (e a cantidade de cartos que move). En realidade, se se trata este tema nos xornais ou na televisión é para ser criticado duramente, sexa dunha maneira máis ou menos explícita, na meirande parte dos casos ó ser confundido coa pederastía na Rede, que sería o lado criminal e censurable da cuestión. As cifras son moi abrumadoras: o xornalista Rafael Alba calcula que hai uns 185 millóns de persoas que se conectan diariamente a este tipo de webs, máis de catro veces os habitantes que ten España e que desembolsan unha media de dous dólares por sesión. Ademais, estímase en 132.000 millóns de dólares o volume anual de negocio, unha cifra que, lonxe de diminuír, incrementase cada ano considerablemente. A industria da pornografía en Internet faise forte alí onde os demais son febles. En tempos de crises, colle novos folgos, facturando cantidades escandalosas de cartos, sempre na sombra.

Ademais, é unha industria que se renova a si mesma, un sobrevivente nato da Sociedade da Información, un negocio que proporciona grandes dividendos alí onde bota raíces, incluídos países dos que moi poucas persoas escoitaron falar, como por exemplo Niue, unha pequena illa do Pacífico que, segundo un informe da empresa de seguridade Securing Computing, ocupa o cuarto posto mundial na listaxe de países que meirande cantidade de webs porno albergan. Segundo esta consultora, a illa, que só conta con 1.750 habitantes, emprestou aloxamentos (.nu) a máis de tres millóns de sitios de contidos sexuais. O feito de superar a auténticas potencias mundiais do sector, factorías do cibersexo como Xapón non é precisamente motivo de orgullo para os habitantes desta illa, que xa ameazaron con medidas legais ós responsables do informe. Sexa como sexa, a existencia destas webs neste tipo de lugares contribúe a fortalecer en gran medida as súas economías, xa de por si limitadas por razóns evidentes de illamento físico.

Se Niue ocupa o cuarto posto, o primeiro está reservado (probablemente polos séculos dos séculos) ós donos e señores do negocio pornointernauta: o emporio estadounidense. A industria do sexo *on-line* é tan forte alí como se poda concebir, por moito que a través do Atlántico chegue ó noso país unha cortina de fume cargada de puritanismo. En realidade, o puritanismo americano nunca foi problema para que en California,



concretamente no Val de San Fernando, se chegase a crear un auténtico “polígono industrial do porno”, onde a liña que separa o concepto de estudo cinematográfico do dunha luxosa casa con xardín, piscina, música e cocktails é ben estreita (John Holmes, o mítico actor porno, era un asiduo deste tipo de actividades artístico-festivas). O xornalista Rafael Alba incide na capacidade de innovación tecnolóxica desta industria, antes dirixida cara vídeo e salas de cine e agora principalmente orientada ás descargas de pago por Internet. E vai aínda máis lonxe: ó seu xuízo, é moi notoria a íntima relación existente entre o Val de San Fernando e o Silicon Valley, no que se refire a desenvolvemento de novos formatos, novas ferramentas e programas.

Polo que respecta a Europa, é ben sabido por moitos dos afeccionados á pornografía que Alemaña sempre foi unha potencia no sector. A tradición vén de antigo: dende os primeiros días do cine ata a era dourada do porno oitenteiro, pasando polas lendarias gravacións (hai mitómanos que se pelexan por atopalas) da era nazi, onde co pretexto de glorificar as virtudes (sobre todo físicas) da raza aria se realizaban filmes con contidos sexuais explícitos. Segundo o devandito estudo de Securing Consulting, o dominio “.de” (de Deutschland) é o máis abundante dentro da área europea, con máis de dez millóns de sitios web, seguido de Gran Bretaña. O país xermano tamén ostenta o segundo posto do *sex ranking* a nivel mundial. Entre os novos xigantes máis salientables

dos últimos anos atópanse algúns países da Europa do Leste, como Rusia ou Polonia.

No que se refire a Oriente Medio, o promedio de sitios porno atopados é moi baixo, nalgúns lugares case que inexistente. O único que destaca un pouco é Israel, con 77.000 páxinas localizadas. Convén sinalar que o estudo refírese só a webs con dominios definidos dos distintos países: pasa de longo das “.com”, o dominio internacional por excelencia, pola imposibilidade de diferenciar onde está albergada cada unha das webs. De aí a pensar que en realidade o número de sitios sexuais é moito grande do que pode parecer a primeira vista, hai só un pequeno paso.

Segundo un estudo, a illa de Niue no Pacífico alberga milleiros e milleiros de webs de contidos sexuais





## Non aconsellado para menores...

*“A Sociedade da Información non é precisamente un eido que blinde a inocencia dos máis pequenos. Non cabe dúbida de que o uso das novas tecnoloxías ten cousas positivas, pero se cadra en ocasións o prezo que hai que pagar é moi alto no que se refire á nenez: polo camiño se lles pode quedar a inxenuidade, antes do que debería. Primeiro foi a televisión, agora Internet. Os nenos están unha media de cinco horas ó día diante da televisión. O máis preocupante é que case ningunha canle ofrece xa unha programación fixa para nenos e nenas. Que é, entón, o que vén os cativos na pantalla? Que páxinas visitan na Rede?”*

### PATRICIA CALVEIRO



É indiscutible que os cativos de hoxe en día xa non son o que eran. Para ben ou para mal agora os nenos saben máis do que antes un rapaz da súa idade chegaba nin de lonxe a imaxinar. Aínda que resulta gracioso oír neles comentarios que o máis pícaro dos adultos diría, a inocencia e dozura que os caracterizaba só sae a flote en contadas ocasións. A infancia do descoñecemento pérdese a marchas forzadas na chamada Era da Información.

En efecto, os contidos ós que os pequenos teñen acceso nos nosos días son case infinitos. A televisión ábrelles tódalas portas ó mundo de súpeto con só trocades de canle e na Internet inundan as súas cabeceiras de datos que non se sabe ata qué punto son quen de assimilar. Tendo en conta que os nenos de entre 8 e 13 anos están ante as pantallas unha media de 5 horas ó día e case o 50% entran diariamente na Rede, non é de estrañar que saian así de resabidos.

Os cativos galegos dedican concretamente 191 minutos ó día (máis de 3 horas) a vela televisión segundo un estudo de TSN, sen esquecer que 1 de cada 5 conta con televisión de pago ou por cable, o que amplía o repertorio. O amplo abano temático no que máis do 40%



dos rapaces escollen sen supervisión adulta, é un risco que conleva a hiperinformación que hoxe satura tódolos eidos.

Basta con coarse nas súas habitacións, convertidas en fortes con acceso rigorosamente restrinxido ós pais, nelas 4 de cada 10 nenos teñen televisión e 2 deses 10 tamén dispón de computadora con conexión á Internet. O control aquí dos mesmos é imposible, a non ser que se aventuren na perigosa aventura do espionaxe onde de ser descubertos pagarían a súa traizón de por vida.

Quén pode dicirlle agora a un cativo que non debería ver determinado programa ou que non pode navegar nesta ou naquela páxina web? Sería unha tentación demasiado grande para eles que chegados a este punto alguén lles negase algún tipo de información, sería como a mazá do pecado para Eva. Os avisos de “non aconsellado para menores” sorten polo tanto o efecto contrario, en vez de protexelos da programación non apropiada para as súas curtas idades, mesmo incentivan o seu interese.

Así o confirma o informe da Asociación para a Investigación en Medios de Comunicación (a AIMC) no seu último Estudo de Audiencias infantís e xuvenís de Medios en España, uns 700.000 rapaces menores de 13 anos ven a televisión entre as 21 horas e as 24 horas fora do “horario protexido”. O *prime time*, ou hora de máxima audiencia, é tamén o favorito dos máis pequenos. Os filmes, os *shows* nocturnos e a publicidade son a estas horas enfocados especificamente ós adultos e destacan polo seu contido sexual. Calcúlase que ó longo do ano os adolescentes reciben ó redor de 14.000 suxestións sexuais.

O mundo tecnolóxico forma, cada vez máis, parte das súas vidas. O móbil de uso persoal fíxose indispensable a partires dos 13 anos, tendo unha penetración do 70,4% a esta idade e ascende vertixinosamente segundo cumpren anos. A presión exercida sobre o 30% restante, polos seus propios pais, é tal que chegan a sentirse marxinados por non poder comunicarse por mensaxes curtas como os demais e descoñecelo complexo mundo da linguaxe *sms*.

Cómpre lembrar que entre os 11 e os 13 anos o 77% conta con videoconsola á que lle dedican 172 minutos semanais, sendo os videoxogos de acción e aventuras os máis requiridos. En canto á Internet, os grandes triunfadores entre os rapaces son os *chats*, o Messenger e os xogos en rede aparte da navegación en xeral. Quen se acorda agora de soñar con cabanas en árbores e construír patinetes de caixas vellas?

Cando a Era Tecnolóxica xa forma parte da rutina das nosas vidas con tódolos seus adiantos e comodidades, máis se oe a frase “cando eu era neno...”. Moito se botaban de menos antes as facilidades que teñen agora os rapaces, e non falemos xa de anteriores xeracións, mailo enxeño agudizábase ó descubriro mundo pola nosa propia conta. Sen embargo é quixotesco intentar loitar contra os avances que tampouco conlevan soamente desvantaxes, resulta máis produtivo protexer o chisco de inocencia que os pequenos poden gardar. Unha proposta enfocada nesta dirección podería ser a de [chavales](#) ou [navegacion-segura.es](#) do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía deseñada para introducir os cativos na Rede permitindo o acceso a áreas limitadas.



# Que é Linux?

JAVIER VIDAL

Esta coa que abrimos é unha pregunta que moita xente se fai hoxe en día. Linux é un poderoso sistema operativo capaz de correr en múltiples arquitecturas de computadoras e de funcionar dende nun 386 ata nun Pentium IV, pasando por arquitecturas máis exóticas como poden ser PowerPC, MIPS, DEC Alphas, incluíndo as estacións de traballo de Sun. Linux está baseado en UNIX, o que o fai extremadamente estable. Ten licenza GPL, o que lle permite ó usuario acceder o código, copialo, modificalo para o que desexe, redistribuílo e facer públicas as melloras. Este un dos seus puntos fortes, segundo os seus defensores a *ultranza*: calquera persoa que intente modificar software propietario pode ser levada a xustiza polo simple feito de cambiar unha icona que non era do seu agrado. Tampouco se debe entender que Linux sexa de balde. Código aberto, licenza GNU, non implican en absoluto que o sexa. Calquera usuario pode cobrar por un Linux, o que si que non poden prohibir é que sexa distribuído como se queira: este é un concepto que se tende a confundir, "código aberto" con "software de balde". Linux é quen de soportar memoria virtual, información compartida (*shared libraries*), *demand loading*, manexo propio da memoria, TCP/IP e moitas outras características xeralmente atopadas nos sistemas UNIX. Algúns outros puntos salientables do software libre (Linux) son:

- **Liberdade:** pódese modificar o software segundo as necesidades do usuario ou pagarlle a outra persoa para que o faga por el.
- **Seguridade:** o dispoñer do código fonte e a posibilidade de que sexa revisado fai que sexa moi difícil a existencia de portas traseiras.
- **Fiabilidade:** como o código fonte pode ser revisado por moitas persoas os fallos arránxanse en teoría rapidamente.
- **Portabilidade:** o poder dispoñer libremente do código fonte dun programa fai máis doada a portabilidade entre distintas arquitecturas.
- **Prezo:** o non dispoñer de restricións na redistribución do software xunto co seu código fonte fan que o prezo tenda a ser moi baixo.

Unha das cousas máis interesantes de Linux é o seu rápido crecemento. Pódese dicir que Linux empezou en agosto de 1991, cando Linus Torvalds (estudante da Universidade de Helsinki) decidiu crear o seu propio núcleo para un novo sistema operativo. Baseouse en MINIX, sistema operativo con fins só pedagóxicos, baseado á súa vez en UNIX e creado en 1987 por Andrew Tanenbaum, profesor da Universidade de Holanda. Para empezar co seu sistema operativo Linux puxo unha mensaxe nun foro pedindo axuda para a creación desa ferramenta. Automaticamente



xente de todo o mundo empezou a interesarse polo novo sistema operativo e pouco a pouco empezou a medrar o número de usuarios. Ó contar co compilador e intérprete de comandos de GNU (*gcc* e *bash*) este sistema ten características de software libre.

Hoxe en día Linux ten millóns de usuarios en todo o mundo e as grandes compañías están apostando por el (IBM, Sun, Novell, etc.). Co paso do tempo se lle foron engadindo entornos gráficos (KDE, GNOME, etc.), reprodutores de CD (gnome-CD), navegadores (Mozilla, Konqueror, etc.), gravadores de CD (G-toaster, K3b, etc.) e unha infinidade de programas, a maioría deles baixo licenza GPL que fan que hoxe en día Linux estea cada vez máis en situación de facerlle a competencia a Microsoft, con tódolos matices que se podan facer ó respecto. Aínda que Linux nos seus comezos foi considerado como o sistema operativo dos *hackers* pola súa difícil instalación, manipulación e tamén pola falta de *drivers*, estes primeiros usuarios foron os que deseñaron os *drivers* para os discos, impresoras, tarxetas de rede, etcétera. Son a estas persoas que, voluntariamente e sen ánimo de lucro, deron a coñecer o que é o Linux ó resto do mundo ós que se lles debe o Linux de hoxe en día.


Co crecemento do Linux empezaron a saír distintas distribucións baseadas en GNU/Linux. Hoxe en día hai distribucións para toda clase de ordenadores e dispositivos electrónicos: ordenadores portátiles ou de sobremesa, *pocketPC* ou PDA, puntos de acceso a redes *wireless*, etcétera. É un feito fóra de toda dúbida que cada vez máis empresas e usuarios elixen sistemas baseados en GNU/Linux polas súas elevadas prestacións e a cantidade de software dispoñible. A continuación imos enumerar

algúns das distribucións GNU/Linux ó alcance de calquera:

- **Slackware** ([www.slackware.com](http://www.slackware.com)): foi unha das primeiras distribucións que apareceron. Foi creada por Patrick Volkerding e tivo un gran éxito nos seus primeiros anos de existencia.
- **Debian GNU/Linux** ([www.debian.org](http://www.debian.org)): unha das primeiras distribucións de GNU/Linux que xurdiron no panorama informático e aínda está vixente e evolucionando. O sistema de paquetes permítenos diferenciar o software libre do que non o é, brindándonos a posibilidade de dispoñer de todo o sistema só con programas de licenza Free Software. Está desenvolvida por un grupo de colaboradores distribuídos por todo o mundo e que non contan co respaldo de ningunha empresa. Aínda que é unha das máis estables e seguras que existen, o seu sistema de instalación precisa de coñecementos previos.
- **Red Hat Linux** ([www.redhat.com](http://www.redhat.com)): é a distribución máis usada do mundo. Está creada por unha empresa de Estados Unidos, aportando software de gran calidade. Ten un entorno moi intuitivo que facilita moito a súa instalación. Agora só se dedican a servidores, pero pasaron o seu proxecto de escritorio a Fedora ([www.fedora.us](http://www.fedora.us)), que vén a ser máis ou menos o mesmo.
- **SuSE Linux** ([www.suse.com](http://www.suse.com)): está desenvolvida por unha empresa xermana, aportando software propietario de gran calidade. É moi completa, fácil de instalar e de manter,

aínda que nalgúns aspectos non segue os estándares da comunidade.

Se o lector está máis interesado no tema pode visitar: [www.opensource.org](http://www.opensource.org) e [www.gnu.org/philosophy](http://www.gnu.org/philosophy) para coñecer diversas motivacións para liberar obras baixo licencias que permitan a libre redistribución. Algunhas lecturas recomendadas son: <http://perso.wanadoo.fr/levezun/unix> (para ver a evolución do sistema UNIX como un diagrama). Para ver a forma de desenvolvemento do kernel (corazón de Linux) visitade [www.tux.org/lkml](http://www.tux.org/lkml).





## Evolución do Software Libre II:

**Damián Fernández Molinos,** presidente do Grupo de Usuarios de Linux de Galicia.  
<http://damianfernandez.org>

Dentro do mundo do software libre quizais o proxecto máis importante despois do compilador GCC quizais sexa o kernel Linux. Se somos estritos e nos cinguimos ás definicións, Linux só e o kernel do sistema operativo, non é o sistema operativo completo. Para completalo, o kernel de Linux engádenselle varias aplicacións que fan que o noso sistema poda ser usado facilmente. O conxunto en si chamáremoslle GNU/Linux. Moita xente tende a chamar en si Linux tanto o kernel como a distribución, e aínda que non é moi correcto, é aceptado, por moito que o sr. Stallman (propulsor do proxecto GNU) insista en diferenciarlos.

Para explicar un pouco o que é un kernel, imos dar unha pequena definición. Trátase dun núcleo ou motor do sistema, é o encargado de que o resto do software e o hardware do noso sistema podan *entenderse*. Entre tódalas funcións que ten o kernel as máis importantes quizais son as de administración da memoria, do uso do procesador e de acceso o hardware.

O kernel Linux ten dúas ramas diferenciadas, unha que se chama de *producción* e outra de *desenvolvemento*. Loxicamente, as versións onde se traballa é nas *desenvolvemento* e normalmente son versións inestables. Unha vez testado ese novo kernel, e aceptado polos *xefes*, é pasado ó departamento de *producción*.

O kernel ven en código fonte que temos que configurar e compilar. Aínda que non é unha operación complicada si que require uns coñecementos iniciais sobre hardware e configuracións. Podedes baixar a última versión do kernel en <http://www.kernel.org>.

en ensamblador. A versión 0.02 saíu o 5 de outubro de 1991 e podía executar o interprete de comandos *bash* e o compilador *gcc*. A día de hoxe, a última versión estable do kernel é a 2.6.4, que foi anunciada o 11 de Marzo de 2004 e no seu desenvolvemento participan múltiples programadores espallados por todo o mundo, estando aberta a calquera participación, polo que calquera que teña algo de experiencia pode participar e intentar melloralo día a día. Actualmente ten máis dun millón de liñas de código e ocupa uns 217 Mb.

Evolución das versións principais do kernel:

- Linux 1.0 - Marzo 1994, i386
- Linux 1.2 - Marzo 1995, i386, Alpha, Sparc y MIPS
- Linux 2.0 - Xuño 1996, primeiro soporte SMP (última revisión 2.0.40, 8 Feb 04)
- Linux 2.2 - Xaneiro 1999. (Alán Cox, 2.2.26, 24 Feb 04)
- Linux 2.4 - Xaneiro 2001 (Marcelo Tosatti)
- Linux 2.6 - Decembro 2003 (Andrew Morton)

(Entre parénteses os mantedores dos respectivos kernels)

O Linux está evolucionando moi rapidamente e é por iso polo que aparecen empresas como SCO que reclaman a propiedade de partes dos código. Como lembraremos, o código do kernel está licenciado pola licenza GPL que precisamente o protexe deste tipo de ataques o software libre como intenta facer SCO. Actualmente tódolos intentos por parte de SCO de demostrar a propiedade de partes de código do kernel de Linux foron infrutuosos e aínda así continúan insistindo, quizais porque SCO ve como perde forza no mercado dos sistemas operativos e quizais son os últimos *coletazos* desta empresa.

Tamén e verdade que o kernel Linux non é o único kernel dispoñible para un sistema Unix, tamén temos o proxecto HURD que o que intentan é ter un kernel diferente o kernel Linux actual aínda que este proxecto quedalle bastante para chegar a potencia do primeiro.

([www.slackware.com](http://www.slackware.com)): foi unha das primeiras distribucións que apareceron. Foi creada por Patrick Volkerding e tivo un gran éxito nos seus primeiros anos de existencia.

- Debian GNU/Linux ([www.debian.org](http://www.debian.org)): unha das primeiras distribucións de GNU/Linux que xurdiron no panorama informático e aínda está vixente e evolucionando. O sistema de paquetes permítenos diferenciar o software libre do que non o é, brindándonos a posibilidade de dispoñer de todo o sistema só con programas de licenza Free Software. Está desenvolvida por un grupo de colaboradores distribuídos por todo o mundo e que non contan co respaldo de ningunha empresa. Aínda que é unha das máis estables e seguras que existen, o seu sistema de instalación precisa de coñecementos previos.
- Red Hat Linux ([www.redhat.com](http://www.redhat.com)): é a distribución máis usada do mundo. Está creada por unha empresa de Estados Unidos, aportando software de gran calidade. Ten un entorno moi intuitivo que facilita moito a súa instalación. Agora só se dedican a servidores, pero pasaron o seu proxecto de escritorio a Fedora ([www.fedora.us](http://www.fedora.us)), que vén a ser máis ou menos o mesmo.
- SuSE Linux ([www.suse.com](http://www.suse.com)): está desenvolvida por unha empresa xermana, aportando software propietario de gran calidade. É moi completa, fácil de instalar e de manter, aínda que ningún aspecto non segue os estándares da comunidade.

Se o lector está máis interesado no tema pode visitar: [www.opensource.org](http://www.opensource.org) e [www.gnu.org/philosophy](http://www.gnu.org/philosophy) para coñecer diversas motivacións para liberar obras baixo licencias que permitan a libre redistribución. Algunhas lecturas recomendadas son: <http://perso.wanadoo.fr/levenez/unix> (para ver a evolución do sistema UNIX como un diagrama). Para ver a forma de desenvolvemento do kernel (corazón de Linux) visitade [www.tux.org/lkml](http://www.tux.org/lkml).



## A Opinión



por **Damián Fernández Molinos**

## Novas Tecnoloxías e Software Libre en Galicia

Levo dende o ano 92 no mundo das novas tecnoloxías e naqueles tempos, o que hoxe coñecemos como sociedade dixital, non era máis ca un grupo de xente das universidades e fanáticos pola informática que lles gustaba esa nova maneira de comunicarse.

